



Obxecto:	Solicitude Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	PE Vilartoxo
Concellos:	A Baña e Val do Dubra (A Coruña)
Promotores:	Green Capital Power SL
Remitido:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2019/44
Expte.:	03.I.594.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3004/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 09.09.2021 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos titulados: *Estudio de Impacto Ambiental PE Vilartoxo, mayo 2021* e *Proyecto sectorial PE Vilartoxo, noviembre 2020* nos termos municipais da Baña e Val do Dubra (A Coruña).

De acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* e nos apartados 1 e 2 do artigo 34 da *Lei 5/2016, do 4 e maio, do Patrimonio Cultural de Galicia* solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre o documento técnico de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 13.07.2020 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención *Prospección arqueolóxica para avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico Vilartoxo (A Baña e Val do Dubra, A Coruña)*, dirixida pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro, da empresa ZETA Arqueoloxía. Este proxecto de intervención recibe o código CT 102A 2020/453-0.

O 11.06.2020 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite Informe, no marco do procedemento de consultas na Avaliación de Impacto Ambiental Ordinaria, sobre o Documento de Inicio Parque Eólico Vilartoxo. No dito informe sinálase a necesidade de contar cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o Patrimonio Cultural, para o que é necesario levar a cabo unha prospección arqueolóxica de do ámbito do parque eólico.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade* (DOG núm. 242, do 01.12.2020)

De acordo coa documentación remitida, e en relación ao Patrimonio Cultural, pódense facer as seguintes consideracións:





Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Vilartoxo, localizado nos termos municipais da Baña e Val do Dubra (A Coruña), dentro da ADE Alto da Pedriña Santa Mariña.
- No apartado 4. *Alternativas estudadas. Justificación solución adoptada*, sinálase que ademais da Alternativa 0, de non execución, analizáronse outras tres opcións (1, 2 e 3). A alternativa elixida foi a Alternativa 3 ao ser considerada a máis óptima económica, social e medioambientalmente.
- O obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico de 27 MW de potencia total, composto de 6 aeroxeradores modelo SG-145 o similar de 4,5 MW de potencia nominal, 127,5m de altura de buxa e 145m de diámetro de rotor.
- Ademais o parque conta coa seguinte infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, cimentacións de aeroxeradores, gabias de cableado e rede de terras, arquetas de rexistro, zonas de provisión, zonas de xiro, torre meteorolóxica e centro de seccionamento.
- Para a evacuación da enerxía xerada polo parque eólico Vilartoxo formúlase una evacuación conxunta co parque eólico Barrosino, proxectándose unha liña de media tensión a 30kV, que discorrerá dende o Centro Seccionamento Vilartoxo ata a SET do parque eólico Troitomil no termo municipal da Baña, obxecto dun proxecto independente en tramitación. Dende este parque partirá unha LAT 132kV, conxunta con outros parques do clúster, que evacuarán a enerxía ata a subestación colectora de Lousame 132/220 kV, e dende esta a través dunha LAAT 220kV conectarase á SET Lousame 220 da Rede Eléctrica de España.
- O acceso ao parque realízase dende a AC-406. O trazado de viarios compóñeno 9 eixes, incluíndo o acceso a cada posición, o acceso á torre meteorolóxica, ao centro de seccionamento, á zona de amoreamento e aos dous eixes de xiro. Estímase que para levar a cabo o parque afectarase un total de 5.995m de viarios, dos que 2.155m serán viarios a acondicionar e 3.840m son viarios novos.

O ancho do viario será de 5m para tódolos eixos internos do parque e os eixos de xiro, e de 4m no caso dos accesos á torre meteorolóxica e ao centro de seccionamento.

Os viarios de acceso que se localicen fora dos límites da poligonal do parque eólico serán obxecto de proxecto independente.

- A identificación dos bens que conforman o patrimonio cultural, e en particular os elementos do patrimonio arqueolóxico, a valoración do impacto que poden sufrir, e as medidas correctoras a adoptar para salvagardalos bens patrimoniais que se atopan dentro da área afectada pola construción do parque eólico, analízanse en detalle no Anexo VII *Estudio de impacto sobre el patrimonio cultural*, que acompaña ao EsIA como documento independente. Outros apartados do documento remiten ao devandito Anexo ou recollen as conclusións e medidas establecidas no mesmo.

O Anexo VII *Estudio de impacto sobre el patrimonio cultural* presenta a memoria da *Prospección arqueolóxica para Avaliación de impacto arqueolóxico da área de implantación do Parque Eólico Vilartoxo, nos concellos da Baña e Val do Dubra na provincia da Coruña*, dirixida pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro, da empresa ZETA Arqueoloxía. De acordo con el leváronse a cabo as seguintes accións:

- baleirado de toda a información patrimonial da zona de estudio (Inventario de xacementos arqueolóxicos do Servizo de Arqueoloxía, Catálogos do planeamento municipal da Baña (PXOM do 26.06.2003) e Val do Dubra (NSP 15.04.1997), toponimia, Plan Básico Autonómico...),





- prospección arqueolóxica con carácter extensivo na poligonal do PE e con carácter intensivo na banda dos 200m onde se van a levar a cabo obras de construción (as posicións dos aeroxeradores, os viarios acondicionados e de nova creación que se constrúan para acceder as obras, as zonas de acopio e a zona de instalacións).
- Sinálase que dentro da poligonal hai 14 xacementos arqueolóxicos e 2 achados inventariados, asemade durante os traballos de campo localízanse dúas novas mámoas e un petróglifo.
- O apartado 8. *Evaluación de Impacto* da memoria de prospección, recolle e analiza unicamente os elementos afectados pola implantación do parque, en total son 7 bens arqueolóxicos: *Mámoa do Porto Rabeiro 1 GA 15088003*, *Mámoa do Porto Rabeiro 2 GA 15088004*, *Mámoa do Monte da Medorra 1 GA 15007003*, *Monte da Medorra 2 GA 15007004*, *Mámoa do Fondo do Val 1 Túmulo 01 inédito*, *Mámoa do Fondo do Val 2 Túmulo 02 inédito* e *Petróglifo do Gavis Petróglifo 01 inédito*.
- No punto 9. *Propuesta de medidas correctoras* establécense medidas correctoras de carácter xeral e específico. Como medidas xerais propónse:
 - a realización de control arqueolóxico dos traballos de replanteo e remoción de terras,
 - comunicación da localización de calquera obra non recollida no proxecto.
 - sinalización dos bens e os seus contornos de protección na cartografía de obra.
 - balizamento con material non perecedeiro dos elementos patrimoniais antes do comezo das obras.
 - prohibición de realización remocións de terra non controladas nas inmediacións dos elementos de interese patrimonial.
 - restrición das obras a realizar no entorno dos xacementos ao proxectado.

Para os bens arqueolóxicos con impacto establécense ademais as seguintes medidas correctoras específicas:

Elemento	Axente de Impacto	Medidas correctoras específicas	Impacto
Mámoa do Monte da Medorra 1 GA 15007003	Acondicionamento viario de acceso+gabia de cableado, corta o túmulo polo W.	Control arqueolóxico presencial, roza e levantamento topográfico.	Moderado
Mámoa do Monte da Medorra 2 GA 15007004	Acondicionamento viario de acceso+gabia de cableado, corta o túmulo polo W.	Control arqueolóxico presencial. roza e levantamento topográfico.	Moderado
Mámoa de Porto Rabeiro 1 GA 15088003	Acondicionamento do viario e gabia de cableado a 14m al W	Control arqueolóxico presencial e gabia de cableado polo lado oposto do ben	Moderado
Mámoa de Porto Rabeiro 2 GA 15088004	Acondicionamento do viario e gabia de cableado a 30m al W	Control arqueolóxico presencial e gabia de cableado polo lado oposto do ben	Moderado
Mámoa do Fondo do Val 1 inédito	Novo viario e gabia de cableado a 50m NL	Control arqueolóxico presencial	Moderado
Mámoa do Fondo do Val 2 inédito	Novo viario e gabia de cableado a 50m NL	Control arqueolóxico presencial	Moderado
Petróglifo do Gavis inédito	Acondicionamento do viario e gabia de cableado a 27m al W	Control arqueolóxico presencial, limpeza, rexistro e levantamento topográfico, e gabia de cableado polo lado oposto	Moderado

- No EIA apartado 9. *Vigilancia y seguimiento ambiental*, subapartado 9.2.1 *Control y seguimiento arqueológico*, sinálase que cunha periodicidade trimestral o equipo arqueolóxico a cargo do control e seguimento arqueolóxico da obra emitirá un informe no que se describan as tarefas realizadas. O arqueólogo farase cargo de calquera eventualidade de índole arqueolóxica que poida xurdir durante o desenvolvemento das obras, evitando, na medida do posible, a





paralización ou demora dos traballos. Tamén se recolle que o contratista colaborará co arqueólogo no correcto desenvolvemento do seguimento arqueolóxico durante a fase de obra, comunicándolle as posibles incidencias que poidan supor unha alteración co fin de que se poidan valorar e tomar as accións oportunas.

- O Anexo nº II *Estudio de Impacto e Integración Paisajística* analiza a incidencia que a implantación do parque ten sobre a paisaxe. Para iso, o equipo redactor di que se teñen en conta entre outros, os valores culturais e patrimoniais localizados dentro da poligonal (subapartado 2.6.2.2. *Patrimonio Cultural*) e recollidos no Anexo VII do EsIA. No subapartado 5.1.1.5. *Visibilidad sobre elementos del patrimonio histórico-cultural* sinálanse unicamente dous elementos do patrimonio arqueolóxico: o *Petróglifo de Pedra Furada* GA 15007015 e o *Castro de Lañas* GA 15007015. Finalmente no subapartado 5.3 *Análisis de alternativas* sinálase que na Alternativa 3 (a elixida) o compoñente patrimonial non ten afección.

Proxecto sectorial

- O proxecto sectorial estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial. E ten como finalidade regular con detalle a implantación territorial do parque eólico.
- Con respecto ao patrimonio cultural, e ao patrimonio arqueolóxico en particular, sinálase que o deseño do parque cumpre cos criterios básicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que para avaliar o impacto sobre o patrimonio cultural se fixo unha prospección arqueolóxica que se incorpora como Anexo VII do EsIA. Finalmente conclúese que as características das obras a executar e a súa situación con respecto ao patrimonio cultural, fai que coa aplicación das medidas correctoras oportunas o impacto sobre o patrimonio sexa considerado como compatible (Subapartado 1.5.1.10. *Impactos sobre el patrimonio arqueológico* do Anexo 3. *Afecciones ambientales*).

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- Cotexados os datos e a planimetría do Estudo de Impacto Ambiental do PE Vilartoxo (maio 2021) cos datos e planimetría do Proxecto sectorial (Novembro 2020), compróbase que no Plano nº 11 *Plan Básico* do Proxecto Sectorial a Mámoa do Monte da Medorra 2 GA 15007004 atópase mal grafada con respecto ao aeroxerador VTX03.
- Os novos elementos do patrimonio arqueolóxico denominados Túmulo 01 *Mámoa do Fondo do Val 1* e Túmulo 02 *Mámoa do Fondo do Val 2* ven afectado o seu contorno de protección con **obras de nova execución**: gabiá de cableado e a rectificación do radio de xiro nos viarios de acceso ás máquinas VL05 e VL06, as obras sitúanse ao NE, a 60m do Túmulo 01 e a 50m do Túmulo 02.
- De acordo cos mapas topográficos e de pendentes consultados pola Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais existen indicios dunha posible mámoa ao NE do novo xacemento arqueolóxico Petróglifo de Gavis. Este posible elemento sitúase nas seguintes coordenadas: x: 525495 e y: 4758030 (ETRS89/UTM F-29).
- En relación cos xacementos Mámoas 1 e 2 do Monte da Medorra (GA 15007003 e GA 1500700) compre facer as seguintes precisións:
 - o documento recolle literalmente a mesma descrición que consta nas fichas do Arquivo de Xacementos Arqueolóxicos da DXPC. Estas descricións non están postas ao día e atópanse trocadas, co que as fichas recollidas Anexo VII do EsIA non conteñen datos actualizados sobre os devanditos bens patrimoniais.
 - a ficha GA 15007003 do Arquivo de Xacementos Arqueolóxicos (do ano 1995), localiza este ben moito máis ao S e ao E do camiño; nesta posición, actualmente e segundo o plano de pendentes e o mapa de sombreado LiDAR, aprécianse unha serie de anomalías





topográficas que se poderían corresponder co devandito túmulo. Estes elementos sitúanse nas coordenadas:

- X: 525647 e Y: 4755991 (ETRS89/UTM F-29).
- X: 525684 e Y: 4755987 (ETRS89/UTM F-29).

- Segundo o EsIA para acceder aos aeroxeradores VL-01, VL-02 e VL03 empregárase o camiño forestal que desmontou parcialmente as *Mámoas 1 e 2 do Monte da Medorra* (GA 15007003 e GA 15007004), este camiño terá que ser acondicionado e ampliado, o que implica a **afección directa e crítica** aos xacementos arqueolóxicos.

Por outra banda, a instalación do aeroxerador VL-03 (duns 200m de altura) a escasos 100m ao S do GA 15007004, coa súa zona de voo a apenas 50m. do límite da área de cautela delimitada polo PXOM da Baña para estes bens arqueolóxicos (e a tan só 32m do perímetro exterior do GA 15007004 polo S), modifica o entorno inmediato dos xacementos, polo que a cualificación do impacto a como moderado non é axeitada, sendo insuficientes as medidas correctoras (control arqueolóxico presencial) e compensatorias (roza e levantamento topográfico) propostas

- No Anexo II. *Estudio de impacto e integración paisaxística* non se incorpora unha análise da incidencia visual ou a perturbación que o parque ten sobre os elementos arqueolóxicos do entorno máis inmediato (a 200m ou menos). Unicamente se sinala a súa proximidade (subapartado 4.5.1.2 *Valores históricos*), se recolle un listado (subapartado 2.6.2.2. *Patrimonio Cultural*) e se analiza a incidencia visual dende o *Petróglifo de Pedra Furada* GA 15007015 e o *Castro de Lañas* GA 15007015.
- Segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, *de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia* ha de xestionarse a biomasa de certas especies de arbustos e árbores nun diámetro de 200m ao redor de cada aeroxerador instalado e nunha franxa de 5m dende o linde do centro de seccionamento. Neste senso debemos recordar que a *Mámoa do Monte da Medorra 1* GA 15007004 se atopa dentro da área de afección do aeroxerador VL03 polo que calquera intervención (incluída a roza de maleza e corta de arborado) que se leve a cabo dentro da súa área de protección terá que ser autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Non se concreta nos documentos as actuacións que será necesario realizar para acondicionar os accesos ao parque eólico fóra da poligonal desde a rede de estradas xerais, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).

INFORME

A vista do anterior, e de cara a unha correcta conservación e protección do patrimonio cultural, ao obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, é necesaria a presentación de nova documentación tendo en conta as seguintes consideracións:

- Deberanse facer as modificacións oportunas no deseño do proxecto eólico para evitar que se realice obra nova no entorno de protección dos xacementos Túmulo 01 *Mámoa do Fondo do Val 1* e Túmulo 02 *Mámoa do Fondo do Val 2*.
- Ao obxecto de corrixir os erros detectados e poder clarificar a situación actual na que se atopan as *Mámoas 1 e 2 do Monte da Medorra* (GA 15007003 e GA 15007004 respectivamente), presentáranse fichas actualizadas destes bens e, se é o caso, modificárase a avaliación de impacto.





- Non se poderá utilizar o vieiro que afecta aos xacementos *Mámoas 1 e 2 do Monte da Medorra* **GA 15007003** e **GA 15007004**, ni executar a gabiá de cableado polo contorno de protección dos mesmos.
- Verificarase en campo a posible presenza de bens arqueolóxicos nas coordenadas seguintes:
 - Elemento 1: X-525495 e Y-4758030 (ETRS89/UTM F-29).
 - Elemento 2: X: 525647 e Y: 4755991 (ETRS89/UTM F-29).
 - Elemento 3: X: 525684 e Y: 4755987 (ETRS89/UTM F-29).

No caso de confirmarse a presenza de bens arqueolóxicos novos, os seus contornos de protección quedarán libres de obra nova relacionada co parque, estableceranse as medidas correctoras oportunas, en ficha individualizada con descritiva de detalle.

- Corrixirase a planimetría presentada no Plano nº 11 *Plan Básico* do Proxecto Sectorial para que quede clara a relación que hai entre a *Mámoa do Monte da Medorra 2* GA 15007004 con respecto ao aeroxerador VTX03.
- É necesario contar cunha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallan as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco está incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do día 31.08.2016 (DOG núm. 186 do 29.09.2016) e tamén incluída na Lista Representativa do Patrimonio Inmaterial da Humanidade desde 2018.
- A partir dos resultados destas actuacións arqueolóxicas a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

Mª Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

